

Número

111

16-09-2022

A Folla da CGT

Sección
Sindical
Unitaria
en
Navantia
Ferrol



CGT

Non á privatización dos servizos auxiliares de Turbinas !!!

A empresa comunicou á comisión de produtividade que ía externalizar os *servizos auxiliares á produción* da Fábrica de Turbinas (Almacén, Envíos, Afiado, Manobra, Pañol, Prerreglaxe, Verificado, Metroloxía e Ensaíos), un proceso de **privatización** "inevitable" segundo a dirección de Navantia. A día de hoxe, a CGT (que está vetada en dita comisión) non fomos informados de máis nada.

A fórmula para, segundo eles, "asegurar o futuro" non é nada novidosa: trataríase de recolocar a unhas 25 persoas e substituílas por persoal externo, supervisado, iso si, por traballadores da principal. Ou sexa, **prestamismo laboral** de libro para substituír empregos dignos e con dereitos por empregos precarios, para maior gloria da explotadora patronal naval.

Isto acontece despois dun plan de empresa que supuxo unha notable redución de plantilla, coa conseguinte perda de coñecemento. Pero tamén despois de que a alta dirección da empresa vendese a moto ó comité de empresa de que a colaboración con Repsol e Enagás no marco dos Fondos Next Generation ía significar o ingreso de decenas de millóns para Navantia e un necesario incremento da plantilla de Turbinas.

Nesas reunións, a CGT denunciou, e así o expuxemos nunha asemblea de tallo e na nosa Folla, que todo isto parecía a típica operación na que a empresa pública participaba formalmente para así xustificar un chorro de diñeiro público a empresas privadas (Repsol e Enagás). Unha vez acadado este obxectivo, se continúa co proceso de desmantelamento que Turbinas vén sufrindo dende hai décadas.

Agora, casualmente, esta medida se anuncia despois de que Repsol dese a coñecer no mes de xullo, a bombo e platillo, a colaboración con Turbinas para a fabricación de *hidroxeneiras* (estacións de hidróxeno), o cal suporá para esta multinacional unah morea de cartos.

Nin o incremento de plantilla nin os investimentos anunciados. Agora resulta que a situación é insostible, as perdas son enormes e non fica máis remedio que "externalizar" (ou sexa, privatizar). Mexan por nós e din que chove!

Xa basta! O comité de empresa non pode seguir mirando para outro lado mentres o proceso de desmantelamento e precarización continúa.

O comité debe convocar **INMEDIATAMENTE** unha **ASEMBLEA EN TURBINAS** para informar en detalle ós traballadores, na que se debata e se vote unha plataforma reivindicativa que garanta realmente o futuro de Turbinas (**novas incorporacións, definición dun produto**, etc.).

Esta plataforma debe ser sometida, a continuación, a senllas **assembleas xerais das factorías de Ferrol e Fene** (principal e compañías) porque este ataque non é só un problema dos traballador@s de Turbinas, é un ataque contra todos e todas. Estas asembleas deben decidir un calendario de mobilizacións contundente capaz de impoñerlle á dirección de Navantia as nosas reivindicacións, o cal significa que debe afectar a toda a produción (F110, Carenas, eólica mariña...).